



Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2011

**Estimada/o colexiada/o,**

A Xunta de Goberno do COLEF Galicia, na súa reunión do pasado 21 de febreiro de 2011, e en cumprimento das atribucións que lle confire o Artigo 26.10 dos estatutos vixentes, acordou convocar a **ASEMBLEA XERAL ORDINARIA** para o próximo venres **25 de marzo de 2011 ás 16:30 horas en PRIMEIRA CONVOCATORIA** e ás 17:00 horas en SEGUNDA CONVOCATORIA, na Sala de Xuntas do Centro Empresarial Compostela sito no enderezo que figura a pé de páxina.

---

#### ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da Asemblea Xeral Ordinaria do venres 12 de marzo de 2010.
2. Informe do presidente sobre a actividade colexial do ano 2010.
3. Presentación e aprobación, se procede, da Memoria 2010 do COLEF Galicia.
4. Informe sobre o estado actual do proceso de regulación das profesións do deporte e da colexiación obrigatoria.
5. Exame e aprobación, se procede, da conta xeral de gastos e ingresos do exercicio 2010.
6. Informe do Presidente sobre o Plan Anual 2011 do COLEF Galicia.
7. Exame e aprobación, se procede, da previsión orzamentaria aprobada pola Xunta de Goberno para o exercicio 2011.
8. Exame e aprobación, se procede, das accións de adaptación do COLEF Galicia ao novo marco legal.
9. Lectura, discusión e aprobación, se procede, das proposicións presentadas polas/os colexiadas/os en prazo e forma segundo o disposto no artigo 50 dos estatutos do COLEF Galicia.
10. Mocións de urxencia.
11. Rogos e preguntas.



Aproveitamos para recordar e informar de que:

- Conforme establece o artigo 50 dos nosos estatutos:

***“Os colexiados, quince días antes da celebración da asemblea xeral ordinaria, poderán presentar as proposicións que desexen someter á deliberación e acordo daquela, e deberán ser incluídas estas, pola Xunta de Goberno, no punto da orde do día denominado proposicións.***

***Estas proposicións deberán aparecer subscritas por un mínimo de dez colexiados. Ao darse lectura destas proposicións, a Asemblea Xeral acordará se procede ou non abrir a discusión sobre elas.”***

- Se estás interesado/a en recibir a documentación da Asemblea Xeral Ordinaria con anterioridade ao 25 de marzo, deberás poñerte en contacto co COLEF Galicia mediante calquera dos medios que figuran a pé de páxina.

Sen outro particular, recibe un cordial saúdo

Asdo.: **Roberto Barcala Furelos**

SECRETARIO DO COLEF GALICIA